

# YOUNG & BEAUTIFUL

[Marina Lameiro, 2018]

# 483

**PASES ÚNICOS EN NUMAX:** 04.02.2019 (con presentación e coloquio) e 11.02.2019 | V.O. |

*Young & Beautiful* (2018, 72')

**Dirección:** Marina Lameiro

**Guión:** Marina Lameiro

**Participación:** Poti, Nais, Ione, Das

**Son:** Jordi Ribas, Marina Lameiro

**Montaxe:** Diana Toucedo

**Fotografía:** Marina Lameiro

**Produtora:** Marina Lameiro

**Distribuidora:** Marina Lameiro

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Español

## PREMIOS E FESTIVAIS

Márgenes 2018 (Premio NUMAX Exhibición), Novos Cinemas 2018 (Premio NUMAX Exhibición), Premios Feroz 2019 (Nomeado a Mellor Documental)

## SINOPSE

Poti, Nais, Ione e Das son xente nova que decidiu vivir baixo os seus propios termos. Mentres a sociedade os empurra a abandonar as súas aspiracións, cada un debe revisar a súa identidade a través do diálogo. Así comeza un íntimo intercambio entre eles e Marina, a súa amiga e directora do filme. Coa proximidade da súa cámara, acompañaos nos momentos máis lúcidos e fráxiles do seu cotián: bailar, espertar xuntos, pasear por paisaxes amadas, botar a chorar e a rir mentres buscan, en complicidade, manterse íntegros.

«Retrato poliédrico dunha xeración acusada de non querer medrar; unha xeración á que se lle obriga a aceptar un mundo roto e un país en crise»

NOVOS CINEMAS

# OS OLLOS VERDES 18/19

OCINEMA INÉDITO  
DE NUMAX

USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



## “Tiña que medrar, deixar a infancia”

Entrevista a Marina Lameiro

Por María Fuentes

### O filme nace como un proxecto de máster. Si, fixen un máster en

documentación e creación na Pompeu Fabra, aí desenvolvín o proxecto. Nun principio ía ser outra cousa diferente, aínda que véndoo agora na distancia, si que ten moito que ver. A primeira idea trataba sobre unha exploración do terceiro sexo en tres culturas diferentes e que trataba de buscar o ancestral na cultura contemporánea. Quería facer un filme que tivese tres retratos. Un sobre os Muxe de Oaxaca, que antigamente, antes de que chegaran os españois, eran homes que eran criados como mulleres para que coidasen da familia. Outro sobre un indio de dous espíritos en Norteamérica, porque se consideraba que tiña o espírito do home e da muller dentro, polo que eran dobremente benditas -e hoxe son dobremente marxinas-, e por último quería retratar unha transfeminista en Barcelona.

E entón preguntáronme, pero por que queres facer isto? Es trans? Es lesbiana? Díxenlles que non. Atafegueime moito e saíume un texto explicando por que quería mirar a esta xente. E entón caín na conta de que estaba moi conectado coa infancia e coa procura da identidade. De aí pasou un ano ata que tomou a forma que ten agora, de versar sobre xente que eu non coñecía nin sabía que existía a tratar sobre o meu círculo máis próximo. Agora, véndoo con distancia, o que a min me interesaba, de ter feito aquel filme, era a procura de identidade desta xente.

### É dicir, que a orixe das dúas ideas era a mesma. Si, aínda que o impulso é diferente. Ao principio era algo máis intelectual. Quería facer este máster porque quería facer cinema e necesitaba ter un proxecto. Pensei en cales eran os temas que me interesaban: o feminismo, a identidade e o queer ou a xente que está á marxe. E díxennme, como podo pór todo xunto nun proxecto? E púxeno así. A miña titora de máster, Marta Andreu, foi tirando do fío e así foi, como unha especie de terapia.

**Por que introduces o teu círculo máis próximo neste proxecto?** A historia é moi longa, perdoa que che solte a chapa. Fixen este texto, que empezaba con que eu sempre quixen ser algo diferente ao que era. O primeiro que lembro querer ser é un koala, pero díxéronme que non podía ser porque eu era unha nena e non un animal. Despois quixen ser outra cousa e tampouco podía... e todo así. Ao final dinme conta de que o que sempre tiven por seguro e nunca quixen cambiar foi o meu xénero. Por iso quero mirar a esta xente que, desde pequenos, sabían que había algo que tiña que cambiar. Quería unir o que eu vía nesa xente comigo. O meu titor, Luciano Rigolini, produtor de Arte Francia, díxome que tiña un problema con esa xente que eu quería retratar. Esa xente non lle interesaba, interesáballe eu. El imaxinábase polo que eu dicía que ía ser unha muller cero feminina, e cando me viu vestida de “muller clásica” quedou fascinado. E entón convidoume a esquecerme desa xente e a facer un filme sobre min e a miña visión no mundo. E pensei, vale, fágolle caso, pero que se vai ver nese filme? Un koala? (Risas)

**Como xorden os personaxes?** O caso é que estaba a traballar o texto e Das, que é bailarín (a el non o coñecía, pero Poti si), estaba a facer unha sesión de fotos na casa da miña nai unhas vacacións e preguntoume se podía ir un amigo seu. Leuno e puxéronselle os ollos chorosos. Foi ao baño e cando volveu díxonos, “é que eu isto non cho contei nunca, pero de pequeno quería ser nena e todas as noites rezaba a Deus para espertar sendo nena, e como nunca sucedeu perdín a fe”. Para min foi moi forte ese momento. Quedei moi marcada. Logo volví a Barcelona, e no taller conteilles, “mozos pasoume isto, coñecía a esta persoa, quero que estea no filme”. Houbo unha especie de correspondencia entre el e eu, pero non funcionaba porque eu estaba moi ancorada na infancia. Era algo así un pouco romántico, de “non quero aceptar este mundo”, e non podía máis. Metérame neste máster para facer cinema e estaba todo o día escribindo, e por riba xa non me soportaba nin o que escribía. Tiña que medrar, deixar a infancia. Así que empecei a pensar por que non quería facelo, e a mirar na miña contorna máis próxima como facía esa xente para medrar. E aí foi cando fixen clac, así que elixín os personaxes do meu círculo máis próximo. A miña irmá Ione

sempre estivo na miña vida. Logo chega Nais, que a coñecín no instituto; Poti, que apareceu aos vinte anos, e finalmente Das, que apareceu co filme.

Publicado en [metalmagazine.eu](http://metalmagazine.eu)  
Tradución: Olalla Cociña

### A DIRECTORA

Marina Lameiro (Iruñea, 1986) é licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade Rey Juan Carlos. En 2012 accede ao Master en Documental de Creación do IDEC-UPF, onde ten a oportunidade de traballar co director ruso Víctor Kossakovsky e o director polaco Marcel Lozinsky e de participar na rodaxe da curtametraxe colectiva *Demonstration*. En 2013 especialízase en montaxe realizando un posgrao. Durante 2014 e 2015 é artista residente en UnionDocs en Nova York. Desde 2014 desenvolve unha correspondencia filmica con Tania Hernández. En 2016 dirixe a curtametraxe documental *300 Nassau*. *Young & Beautiful* é a súa primeira longametraxe.

### OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta co apoio da **Universidade de Santiago de Compostela**, o que permite o acceso con **tarifa reducida** ao alumnado da USC inscrito na ciclo, que ademais pode acadar **1 crédito ECTS** acudindo a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realizando un traballo á conclusión. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)